

## O bispo nomea arcepreste de Mondoñedo a Óscar Santiago Sanmartín

**M.D.** MONDOÑEDO. O bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, nomeou arcepreste de Mondoñedo a Óscar Santiago Sanmartín, dentro da reorganización para fomentar e coordinar a actividade pastoral das parroquias que forman a diocese. Entre as súas competencias está cumprir como vicario foráneo do bispo e atender necesidades dos sacerdotes, o coidado das igrexas, santuarios e ermidas e a «recta celebración dos misterios da fe». Cadiñanos tamén chamou a celebrar o domingo a Xornada Mundial do Migrante e do Refuxiado, pedindo «por quen sofre miseria e guerras e pola construción dun mundo máis equitativo».

# O Mercado dos Domingos dedícase mañá aos nenos

► Xunto aos postos haberá unha xincana e un concerto de Joni Ramos

### DELEGACIÓN

✉ ribadeo@elprogreso.es

RIBADEO. O Mercado dos Domingos de Ribadeo terá mañá como protagonistas os nenos, para os que hai programada a xincana 'Alimentos da nosa terra' a cargo de Eo Alimenta a partir das once e media. A animación complétase co concerto do artista viveirés Joni Ramos ás doce e media no mesmo mercado, que se sitúa na contorna da praza de abastos ribadense.

«Este domingo os pícaros e as pícaras ocuparán o mercado», sinala a concelleira de Comercio, Marta Saiz, que anima a participar na actividade infantil e tamén na musical, ademais de a visitar os postos do mercado e «consumir produtos frescos, de gran calidade

e procedentes da nosa zona».

Os Mercados dos Domingos organízanos a asociación local de produtores de horta A Sucadoira e o Concello de Ribadeo os domingos pola mañá ata o 15 de outubro e complementáanse con diversas actividades de animación e divulgación. «Desde o Concello de Ribadeo seguimos presentando esta intensa axenda para dinamizar e poñer en valor o Mercado dos Domingos, un mercado de calidade onde os produtores achegan os seus produtos directamente ao consumidor final», expón a concelleira, quen recorda que se trata de postos moi diversos «onde reina o produto da horta, pero onde tamén podemos atopar pan, queixo, embutidos, zumes, ostras doces e

ata cervexas artesás».

O mercado acolleu o domingo pasado o Día do Produto Local, e as seguintes actividades complementarias serán a Xornada de Exaltación do Pemento de Piñeira —de semente certificada— o domingo 8 de outubro, e para rematar «e como novidade», o Día da Labrega o domingo 15, xornada coa que finalizará esta temporada de mercados.

A edila lembra que coa recuperación desta actividade «Ribadeo continúa unha tradición comercial de máis de medio século, a de comprar en domingo», pois engade que desde o ano 1962 os comercios da vila abren os domingos pola mañá para facilitar as compras a veciños e visitantes.

## A Policía Nacional de Viveiro celebra a súa festividade o 2 de outubro

### DELEGACIÓN

VIVEIRO. A comisaría da Policía Nacional de Viveiro prepara a celebración da súa festividade, os Santos Ángeles Custodios, para o luns 2 de outubro.

O programa previsto empezará ás once e media da mañá cunha misa na igrexa de San Francisco. A continuación, ás doce e media, levaranse a cabo os actos protocolarios da celebración no teatro Pastor Díaz e para finalizar ofrecerase un viño de honra na casa do concello de Viveiro.

Nestes actos adoitan participar aos policías que conforman o cadro da comisaría viveiresa xunto coas súas familias, diversas autoridades e representantes da sociedade local.

## O BNG denuncia que os pontenoveses seguen cun único médico

► Acusa ao Sergas de incumprir a súa promesa de incorporar outro. En Riotorto esixe transparencia nas contratacións municipais

### D.V.

A PONTENOVA. «Mandándonos un médico dúas horas, como fixeron o xoves, non soluciona nada», sinala o portavoz do BNG na Pontenova, Xorxe Gómez Rico, a propósito da falta de facultativos no centro de saúde local. Di que é urxente cubrir as baixas e vacacións dos médicos para que a poboación poida ser atendida debidamente e contando cunha sanidade pública digna. «Tras a promesa realizada

a semana pasada polo PP e polo xerente do Sergas, supostamente a partir deste luns 18 debería terse incorporado un médico para cubrir a falta de persoal no centro de saúde, pero a realidade é moi distinta e seguimos a contar cunha única médica, o que conleva atrasar aínda máis as citas dos doentes», manifestou Gómez Rico, que resalta a gran mobilización veciñal que houbo a pasada semana por este problema.

Dende o BNG anuncian que continuarán a velar por que se garantan «os dereitos de toda a veciñanza», tal como demandaron tamén os nacionalistas no Parlamento a través do deputado mariñaño Daniel Castro.

**FALTA DE TRANSPARENCIA.** Pola súa banda, a voceira do Bloque en



Gómez Rico e outros membros do BNG, xunto ao centro de saúde. AEP

Riotorto, Vanesa Gómez Lourido, critica que o goberno municipal, do PP, convoque un proceso para contratar persoal de albanelería, xardinaría e auxiliar administrativo sen darlle difusión «e recorrendo ao procedemento abreviado, a través do Sepe, que limita o acceso a algunhas persoas desempregadas».

Gómez critica a falta de transparencia no proceso pois «elude pasos como a publicación das persoas admitidas para participar na proba», e fala dos precedentes do

gobierno local, «que habitualmente acaba beneficiando ao entorno familiar do propio alcalde e do seu equipo».

«No caso da praza de auxiliar administrativo, estas convocatorias estanse empregando de forma reiterada para cubrir con interinidades prazas vacantes, pola excedencia do propio rexedor, que desenvolvía esas tarefas como funcionario antes de ser alcalde, e por unha xubilación», afirma. O BNG pide un novo proceso que garanta a igualdade de oportunidades.

## O luns obrarán na Avenida de Galicia de Viveiro para substituír un colector

### DELEGACIÓN

VIVEIRO. A substitución dun colector de saneamento entre as avenidas de Galicia e Cervantes en Viveiro, para eliminar un punto de vertedura á ría, pode producir molestias. O punto de vertido está na estación de autobuses, polo mal estado da rede de saneamento municipal, polo que se vai substituír un tramo de colector na Avenida de Galicia, na intersección con Cervantes.

«No inicio das obras, os usuarios que estacionan na explanada do porto de Viveiro terán que facer a súa saída por detrás da estación de autobuses, incorporándose á rotonda da Oficina de Turismo. Pode haber retencións, polo que pedimos desculpas polas molestias», din dende o Concello.

## AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL

O IES de Foz oferta para este curso unha AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL para facilitar o acceso aos medios dixitais de toda a poboación. Ofreceranse cursos para adquirir coñecementos dixitais básicos. Aquelas persoas interesadas poden solicitar información no IES de Foz.

- Solicitude de citas previas (Sergas, Facenda...)
- Obtención de certificados
- Búsqueda de información
- Comunicación con entidades financeiras
- Seguridade nas redes
- Compra online
- Certificado dixital / Autofirma / Chave365
- Comunicación: correo electrónico, videoconferencia, redes sociais...

## IES DE FOZ

Rúa Castelao s/n  
27780 Foz-Lugo

www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz

982 87 02 87

ies.foz@edu.xunta.es

@bibliotecaiesfoz

@iesdefoz